

O fío da memoria: unha escola daquel tempo*

Taking up the thread of memory: a school of yesteryear

Herminio BARREIRO RODRÍGUEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Este artigo é unha evocación memorialista dunha escola unitaria de montaña galega, nos anos da inmediata posguerra. O fío da memoria lévanos ás dramáticas circunstancias vividas naqueles anos, á psicoloxía infantil do rural galego, á metodoloxía didáctica das vellas escolas unitarias, á cuestión da lingua e, en definitiva, á memoria escolar persoal do autor.

PALABRAS CHAVE: Escola rural, escola unitaria, Comenio, depuración, franquismo, método único, diglosia, bilingüismo, coeducación, Bell e Lancaster, Galicia,

ABSTRACT: This article conjures up the memory of a one-room schoolhouse tucked away in the hills of Galicia, during the immediate post civil war period. By taking up the thread of memory, the author invites us to relive those dramatic times, the child psychology of the Galician rural world, the teaching methods of the old schoolhouses, the language issue, -in short, the author's personal remembrance.

KEY WORDS: Rural school, one-room schoolhouse, Comenio, purges, Franco's regime, single method, dysglossia, Bilingualism, co-education, Bell and Lancaster, Galicia,

A lembranza incesante

Sempre levaréi comigo aquela lembranza. A lembranza da miña escola no fío da memoria. Unha escola daquel tempo. Aquela escola dos primeiros 40, na inmediateísima posguerra. Experiencia intensa e verdadeira sempre. Experiencia sempre con certa carga dramática... No meu caso, o drama estaba no entorno. O drama acababa de pasar e estaba pasando. Por iso eu o sinto así, sen saber moi ben por qué. Con nostalgia e como con moita dor. Con unha certa tristeza na mirada cara esa lembranza, tal e como se estivese a palpar moito sufrimento arredor...

* Este artigo é unha recreación parcial ampliada dun traballo publicado en español na revista *Vela Mayor*, en 1997.

Penso que son poucas, moi poucas, as cousas do vivir de cada día que se escapan á sensibilidade infantil. Os nenos teñen unha intuición especial para percibir todos os sentimentos e todas as emocións que aboian no seu entorno. Son parte desas cualidades xa vistas por Rousseau –o neno como neno- e que darían lugar ao rapidísimo desenvolvemento ulterior da psicoloxía evolutiva ou da paidoloxía en tanto que ciencia cun ouxeto único e propio. En definitiva, os nenos veñen de Rousseau, aquel pai “desnaturalizado” que mandou os seus fillos a un orfanato. ¿Será o *Emilio* –entre outras cousas- un denso, longo e penosísimo descargo de conciencia por ese feito? De tódolos xeitos, non sería xusto xulgar a Rousseau dende os valores actuais. Pasaron máis de douscentos anos e pasaron moitas cousas na historia da familia e na historia dos sentimentos. Aquela decisión do máis célebre pedagogo de tódolos tempos non pode nin debe ser descontextualizada.

Tería eu catro anos –1941- cando chegué a Meilide, unha aldeíña de Cerdedo, en Terra de Montes, entre Pontevedra e Ourense (e que se prepara para ser atravesada pola nova autovía Lugo-Pontevedra e pola ruta do AVE Vigo-Ourense -¿caberán todos ises novos camiños no lombo daquela montaña tan querida por min e polos veciños que aínda quedan alí? ¿Non arrasarán para sempre aquela aldea case sen xente xa?–). ¡Meilide!... (Nada que ver con Melide, a grande vila da “Terra” de Melide, entre Santiago e Lugo, aínda que con nomes tan parellos...).

Eu quero hoxe facer memoria. Quero recuperar a memoria histórica dunha escola unitaria dos anos 40 na montaña galega. Quero falar da miña escola. Necesito contar, ao fío da memoria e no fío da memoria, aquela experiencia escolar tan singular. Non aparecerá aquí ningún dato macroeducativo sobre a escola galega como tal. Para iso están xa os estudos tan relevantes de Antón Costa, de Narciso de Gabriel, de Anxo Porto e de tantos e tantos amigos que saben diso moito máis ca min.

Eu hoxe quero ir ao caso único como posible síntoma do estado da cuestión. Quero falar dunha pequena escola de aldea que pode resumir a conciencia educativa dunha época e o peso decisivo do rural na historia máis recente de Galicia. Que parece que se acaba, pero que se quere salvar. Hai unha preocupación de novo tipo a propósito da agricultura e o solo. Mesmo ven de levarse a cabo unha reestructuración das consellerías da Xunta de Galicia, na que se contempla a nova estratexia do Bloque Nacional Galego e do Partido Socialista para remodelar o rural e para facer revivir, en fin, aquela vida aínda viva de moitas das nosas aldeas e a recuperación da vida en moitas aldeas mortas dende hai tempo.

O lugar, aquel lugar, ten xa a súa propia historia. Alí está o pazo da “Raposeira” onde parece que pernoctou un día o Padre Sarmiento nunha das súas idas e voltas a Madrid. Por alí pasaron máis recentemente Graham Greene e Leopoldo Durán, nas súas correrías por terras galegas. En fin, lugar de paso e lugar de descanso. Encrucillada de camiños. Encrucillada tamén dalgúns destinos...

¿De ónde saían as escolas rurais unitarias daquel tempo? Saían da desfeita da guerra civil. Da morte por fusilamento da vibrante escola republicana. Saían da emigración forzosa do campo á cidade ou do traballo temporero lonxe da casa. Saían da pobreza e da fame –en non poucos casos-.

E aquela escola unitaria rural de Meilide, en Cerdedo, foi a miña escola. A miña primeira escola. Unha escola típica de posguerra, entre 1941 e 1946. Xa sei que Antonio Molero, Agustín Escolano e outros colegas teñen estudiado ben ese tipo de escola allures. E mesmo a seguen a estudar. Escolano acaba de publicar, por certo, unha historia ilustrada da escola que debe ter moito interés. Pero esta experiencia persoal é quizáis a mellor maneira de coñecer *por dentro* a escola galega rural daquel tempo. Neste intento de tirar conclusións histórico-educativas ou histórico-pedagóxicas dun caso singular, é imprescindible o testemuño persoal. Terán pois que disculparme se, para facer a pequena historia daquela escola, lles falo de min...

Unha escola rural

Esaxerando un chisco, teño que dicir que eu nacín para a vida naquela escola. A miña primeira e máis remota memoria persoal comeza naquela casa-escola de Meilide (son as servidumes de ser fillo de mestres). Unha casa-escola da montaña galega, nun segundo andar e sobor dun almacén repleto de ferramentas do campo e dos oficios. A habitación –única-, con retrete, nun extremo da casa, e no outro extremo, a cociña –con un balcón que miraba a unha encrucillada de camiños e a unha fonte un pouco máis aló; e no medio e medio, o *templo escolar*: unha sucesión de mesas e bancos fixos, un corredor central, tres ventás dun lado e unha do outro, a mesa da mestra, un reló, os mapas, a gran pizarra e os retratos de Franco e a Purísima Concepción. E a bandeira *rojigualda* un pouco apartada.

Lémbrome ben. Nada máis levantarme da cama, atravesaba correndo a escola para ir á cociña tomar o almorzo: leite de vaca fresca con pan de millo e un pouco de zucre (toda a miña vida ficaría xa prendado do leite como alimento habitual; nunca me canséi dil). Saía coma un lóstrego á rúa para xogar coas miñas compañeiras e os meus compañeiros que me agardaban nos campos próximos. (Alí non había estradas, nin coches, nin luz eléctrica. Só había candiles, velas e luz de carburo o día da festa ou dalgún convite).

¡Escola maravillosamente mixta forzada pola necesidade, pola pobreza e polas circunstancias! ¡Coeducación auténtica, pletórica e espontánea! ¡Convivencia de nenos e nenas dentro e fóra da escola! Pero seguramente tamén –teño algunhas lembranzas diso– a presenza do machismo moitas veces brutal que dominaba tódalas relacións entre nenos e nenas.

Despois, subiamos todos xuntos armando gran escandalera cos duros e resistentes zocos con chatolas, petando con forza nas escaleiras de madeira. Comezaba así a sesión da mañá. ¡Pero non para min! Aínda tiña cinco anos e non estaba en idade escolar (aunque a escola estivera na miña casa). A verdade é que me quedaba alí enredando un pouco, xogando como que escribía ao ditado, paseando por todas partes. En fin, un mal exemplo de fillo da mestra. Parece que non tiña presa por aprender a ler. Os estímulos e o ambiente levábanme por outro lado. Prefería o campo, a liberdade, os xogos ao aire libre, ir coas xentes que me levaban ás leiras, chamar as vacas, tornar a auga nos distintos campos e campelos, apañar cereixas, amorotes ou patacas, correr polas corredeiras, escoitar os paxaros ou coller bolboretas.

Parada para comer –na cociña da casa-escola ou na casa dalgún veciño- e volta a empezar. ¡As comidas en casas alleas! ¡Que privilexio ser o fillo da mestra! ¡Canta emoción me suscita aínda o recordo intenso do caldo renovado, dese particular pastel de carnaval que era a bica –ou bincha, como dicían alí-, das castañas asadas na lareira ou do fígado con patacas e as filloas de sangue o día da matanza! E ¡que espectáculo a matanza! ¡Que partidos de fútbol coa vexiga do porco ben inflada que axudaba a limpar os zocos!

Nos meus anos que poderíamos chamar preescolares, agardaba fóra da escola o final da sesión da tarde –máis curta- dos meus compañeiros e compañeiras e comezaban os xogos da tarde no monte, no val ou xunto ao río (o Piñoa, un afluente do Lérez que se xuntan alí mesmo, en Cerdedo, e onde por certo merendaban de cando en vez Graham Greene, o célebre novelista inglés que paraba case tódolos veráns no mosteiro de Oseira e Leopoldo Durán, o crego “especialista” na literatura e no entrambilicado mundo relixioso do autor de *O poder e a gloria* ou *O factor humano*). Xogos longos, infinitos, con esa pasmosa elasticidade do tempo infantil. Xogos máxicos permanentemente recordados aínda hoxe mesmo.

Pola noite, despois de cear, atravesaba de novo o espacio escolar-familiar, xa máis a modo, marchaba cara a habitación e deitábame rendido. Miña nai, a mestra, dormía nunha cama ancha. Eu, nun catre máis pequecho. Meu pai, seguía na cadea. A partir de 1943, nun pequeno berce aos pés da cama dos meus pais (incorporárase meu pai á vida familiar en febreiro do 42), dormía a miña irmá, que viña de nacer.

Así vivín durante varios anos, inmerso naquel olor acre e penetrante da escola. Un aroma que xa non me abandonaría nunca e no que, dalgunha maneira, sigo a estar envolto. Rememorar esa experiencia supón entrar moi a fondo na memoria da escola galega rural, que foi, non o esquezamos, o tipo dominante de escola, a escola típica de Galicia –no interior e na costa, na Galicia profunda e na máis “cosmopolita”- ata tempos moi recentes.

Os escolinos

Así lle chaman por exemplo no Caurel aos alumnos da escola infantil e primaria: escolinos. Debéu ser aló polo 1943 ou 1944 –máis ben aos sete que aos seis anos- cando me chegou o momento de sentarme con máis seriedade naqueles bancos escolares, nos que estábamos de dous en dous. Homes nunha ringleira e mulleres noutra. Nenos con nenos e nenas con nenas, pero perto uns dos outros. ¿Cántos e quénes eramos os escolinos daquela unitaria? Entre 40 e 50. Os máis pequenos, sentados en bancos corridos, nos laterais das paredes da escola. E os maiores -ou os que “sabían” máis-, nos bancos centrais, por parellas (había unha certa competencia entre os distintos bancos e entre nenos e nenas). Pero, ¿quénes eran aqueles escolinos da posguerra e da montaña galega? ¿Quénes eran aqueles críos da Galicia “triste y pura como la lluvia, salada para siempre por las lágrimas”, como dixera un día Pablo Neruda?

Eran fillos de labregos na súa inmensa maioría. De labregos e tamén de traballadores dos oficios –carpinteiros, ferreiros...-. De nais campesiñas e de pais emigrados (traballadores do ferrocarril, traballadores nas faenas temporeiras dos campos de Castilla, nas minas de León ou Asturias, en América, en fin). Salvo escasísimas excepcións, reinaban alí, a partes iguais, a pobreza e a emigración...

Era, por tanto, aquela, unha escola que loitaba denodadamente contra esas lacras sociais, tan lacerantes, tan esgazadoras, tan crueis. Unha escola que se batía cada día para atemperar eses dous mananciais de inxustizas e desigualdades. Unha escola que pugnaba e pelexaba, contra vento e marea, por alfabetizar ao máximo aquel contexto socioeconómicamente deprimido, politicamente derrotado por unha guerra civil criminal e culturalmente humillado pola persecución sistemática da lingua propia, da lingua galega. Isto é, un contexto desculturizado e profundamente desmoralizado. A pelea era, pois, contra todo e contra todos –incluídos os inspectores e inspectoras do franquismo–. ¿Unha tarefa imposible? Pois digamos que case ao fío do imposible...

Lembrando hoxe, nos comezos do século XXI, aqueles anos no noso país, á forza teño que pensar no que está a pasar neste intre mesmo en Bolivia, na Latinoamérica profunda, nas terras do Altiplano andino, nos países das linguas indíxenas, ata agora mesmo sen voz e sen alfabetización. Pero alí é unha democracia popular triunfadora agora mesmo a que está a dicir a última palabra.

En moi pouco tempo –se é que o novo líder Evo Morales e o seu goberno contan con el- erradicarán o analfabetismo. Como acaban de facer na Venezuela renovada e reformada do *poder social* (e do *poder electoral* máis típicamente “rousseauiano”, como ben di Hugo Chávez), nesa gran *performance* política e cultural de “Barrio Adentro”. Ou como fixeron un día –nos primeiros 60- os revolucionarios cubanos capitaneados por Fidel Castro, na gran campaña de alfabetización dos primeiros 60 –aínda que daquela con moitos menos medios e sen poder ir tan apresa–.

Hoxe, en cambio, Cuba leva acumulado un enorme *capital humano*. Unha vez que conseguiu recuperarse das consecuencias do repentino desmoronamento da URSS a principios dos anos 90 (pero ¡cantos milagros pode facer a conciencia política revolucionaria!; Que exemplo a Cuba socialista, capaz de alcanzar tales cotas sociais partindo de case nada!), Cuba axuda nestre intre a moitos países do mundo dunha maneira práctica e concreta. E faino con elementos do seu rico *capital humano*: alfabetizadores, educadores e médicos que, no contexto da “batalla de ideas” que se está a librar no país dende o ano 2000, están a ser decisivos para moitos países do Terceiro Mundo, non só de toda América Latina senón de África e de Asia; países todos eles vítimas do subdesenvolvemento ou de catástrofes naturais. En fin, unha lección permanente de ética, de solidariedade e de racionalidade social.

Algo semellante (e, dende o punto de vista da territorialidade, nunha escala xigantesca) foi a gran tarefa educadora acometida pola revolución socialista china a partir de 1949. Experiencia continental, máis que nacional. E algo semellante, en fin (e dende un punto de vista que habería que medir tamén probablemente en termos de *calidade revolucionaria*), viñeron sendo as experiencias escolares levadas a cabo en España precisamente durante os cinco anos que durou a IIª República: de 1931 a 1936. Por suposto, o mesmo poderíamos dicir de tódalas experiencias de *educación popular* e de *innovación educativa* (Makarenko, Pistrack, etc.) levadas a cabo despois da Revolución de Outubro de 1917 na inmensa Unión Soviética..

En fin, así era o ambiente social daquela escola de Meilide. Ese era o contexto. Ese era o desafío. Mais, a pesares de todo iso, a vida seguía viva na escola. A vida manifestábase alí con toda a súa tenacidade e con toda a súa forza. Os escolinos aprendían. Si que aprendían. Aprendían a aprender. E aprenderon de cara ao seu futuro. Souberon investir en educación e converter todo o seu traballo en cualificación e revalorización. Algúns mesmo conseguiron saír da pobreza. Aínda que á maior parte non lle quedara máis remedio que emigrar. A veces, para ben. Outras –as máis-, para mal. Sobre pobreza, emigración. Sobre emigración, fracaso...

A cuestión da lingua

Estabamos permanentemente instalados no bilingüismo diglósico. Na rúa, en galego. Na escola, en español. Nas relacións interpersoais, en galego. Nas intervencións públicas “curriculares” ou “académicas”, en español. As leccións, aprendíamolas en español. As dúbidas eran resoltas en galego. Pola miña parte, teño que recoñecer que era un privilexiado...

Procedente, por parte da miña nai, dunha familia vilega típicamente pequenoburguesa, de Sanxenxo, a miña lingua primeira foi o español. Na miña casa falábase español habitualmente. Pero, por parte do meu pai, herdaba unha liña diferente: meu pai e os seus catro irmáns, de Sisán, en Ribadumia, no val do Salnés, eran fillos dun emigrante a Arxentina, que os abandonaría sendo todos aínda moi pequenos –debéu ser aló polo 1911 ou 1912- e non retornaría ¡ata 1959!, cando xa contaba con máis de 80 anos (“¡hay que joderse, dejé unos niños y me encuentro unos viejos!”, dixo, nada máis desembarcar na Coruña e ao ver a todos os seus fillos xa co pelo branco, agardándoo–en fin, unha desas historias duras da emigración...).

A súa nai, de familia entre labrega e artesana, debéu crialos a todos co seu único esforzo de “viuva de vivo” e, mesmo facéndoo desde dentro da cultura galega máis rural e máis enxebre, a miña aboa paterna insistía nesa labor de “promoción social” que era a aprendizaxe do español por parte dos seus fillos. Dous dos irmáns estudaron maxisterio –meu pai o o seu irmán maior- e os outros dous –a única irmá morrería nova- chegaron a ser labregos con bastantes terras. Todos eles falaban con idéntica soltura o galego e o español. Meu pai sempre empregou o galego en determinadas situacións e ten un bó coñecemento do léxico campesiño da zona, pero a lingua habitual que el empregaba na miña casa era (e segue a ser –aínda que cada vez fala máis e máis en galego-) o español.

Como se pode deducir, eu falaba en español na casa, pero fóra, nas rúas e cos amigos, sempre en galego. En Meilide, no galego da montaña. Nos veráns ou nos períodos de vacacións, no galego mariñeiro de Raxó ou de Dorrón, onde vivían os meus abós maternos e os meus tíos e tías (e onde eu viviría moi feliz entre os nove e os quince anos), para trasladarme máis tarde a Cambados e vivir despois, xa sempre, entre Dorrón e Raxó –que nunca abandonaría por completo-, Sisán –moi perto de Cambados e Madrid –onde paséi vinte anos, pero sempre con viaxes frecuentes a Galicia-, con residencia agora mesmo en Compostela e a casa paterna aberta en Sisán-Ribadumia.

A miña fala é pois un produto característico dunha situación bilingüe, pero non sei si subconscientemente diglósica. En todo caso, eu sempre me sentín cómodamente instalado nas dúas linguas, pero con moita inclinación circunstancial ao español, non só por razóns estritamente profesionais, senón por razóns de residencia –Madrid, por exemplo, ou a miña propia casa actual, con unha compañeira de orixe burgalesa e madrileña- e naturalmente, moitas veces, pola consabida presión do entorno e das circunstancias.

En clase

Pero, volvamos ás vellas lembranzas daquela escola montañesa e inesquecible, daquela escola que aínda hoxe me axuda a vivir e a comprender, a traballar e a sentir. Era o noso un sociograma típico dunha unitaria rural. Estabamos sentados por idades e graos, cunha especie de disposición “de seguridade”, como xa dixeran: nenos con nenos e nenas con nenas, os pequenos cos pequenos e os maiores cos maiores. Os pequenos, en bancos corridos ou nas últimas mesas e os maiores, de dous en dous e nas mesas de diante.

Alí estabamos todos, os 40 ou 50, manipulando aquelas vellas ou vellísimas enciclopedias –grao *elemental*, grao *medio* e, en contadísimos casos, grao *superior*- os primeiros da clase. (Hoxe hai un *revival* moi de moda: as enciclopedias *Alvarez* ou mesmo as memorias daquela escola en libros moi vendidos, como *El florido pensil* e outros). Pero a maioría da clase non pasaba do famoso *Rayas* ou quedábase nas *Lecciones de cosas*. Hoxe vexo todo aquilo como unha especie de “reencarnación” xa “dexenerada” e sobre todo convertida en pura retórica, do célebre principio escolar comeniano: *texto único, método único e mestre único*.

Ese eslogan de Jon Amós Comenio estaba metodolóxicamente vivo, pero perdera o sentido orixinal do momento histórico en que nacéu. O mundo xa era outra cousa, é certo. Pero na España da posguerra –e aínda máis en Galicia- tiñase dado de novo un salto atrás. Toda a modernización ganada coa República, perdíase día a día. Era un retorno material ao Antigo Réxime e ao tardofeudalismo, que caeran de facto no período republicano –polo menos, na conciencia social da xente-. Pero, malia todo -e como moi ben sabemos-, aquela vida nova chea de pulo e de creatividade dos anos 30 seguía correndo coma un río soterrado e torrencial..

Comenio, sempre nos primeiros lugares do “santoral” pedagóxico. Comenio, como unha “anunciación” do capitalismo máis vangardista do século XVII. Comenio, seguramente no número dous do podio dos mellores da historia da educación. Porque o número un parece que debe estar reservado non se sabe por canto tempo para J.J.Rousseau. E, hoxe, no número tres deberíamos poñer sen moita discusión –pola súa valía, pola súa implantación social e pola contribución prestada á mellora da educación infantil- a María Montessori.

Si, na escola de Meilide, Comenio seguía ritualmente “vivo” nas enciclopedias. O *texto único* co que il soñara para unificar, recoller e resumir o saber último da súa época e contrarrestar así os erros e supersticións medievais a base do racionalismo máis estricto e cartesiano. El, ¡un clérigo protestante!, dubidando de todo para demostralo todo, tal e como quería Descartes.

Ese racionalismo sistemático era o alicerce do seu *método único*. E para impoñer todo iso, a figura do mestre ou da mestra. Velaí o *mestre único* do que el nos fala. O mestre como guía e como modelo. O mestre ou a mestra como referentes. Pero onde quizáis estivera máis vivo e fose máis actual o pedagogo checo era nas ilustracións das *leccións de cousas* (“as cousas e non as palabras, que son a sombra das cousas”, dicía) e nos mapas (recordemos as súas ilustracións maravillosas do seu *Orbis pictus*, ¡o mundo ilustrado!, o comic por excelencia do seu tempo, o mundo das cores na escola, a alegría das cousas mesmas, aínda que señan pintadas...).

Ás veces, os maiores “tomábanlle” a lección aos máis pequenos –primeiros de letreos, primeiros balbuceos da escolaridade tradicional-, remedando así, case espontaneamente, os métodos do sistema monitorial. Escenificando, en definitiva, en pequena escala, os procedementos das escolas mutuas de Bell e Lancaster. Unha repetición, en fin, da experiencia da escola da revolución industrial –nas grandes urbes e en grandes espazos-, pero, esta vez, no rural...

¡Andrew Bell e Joseph Lancaster! Os pioneiros da alfabetización e a escolarización de masas no século XIX. Recordemos a Simón Bolívar, tan preocupado sempre pola *educación popular*. Pouco antes de morrer, Bolívar deixará anotada a súa débeda salarial con Lancaster, a propósito do traballo do clérigo inglés na alfabetización de certos barrios populares de Caracas, tal e como evoca para nós Gabriel García Márquez en *El general en su laberinto*, espléndida biografía novelada do gran líder do independentismo americano. ¡Que curioso! Idéntica preocupación a de Bolívar á que hoxe amosa precisamente a revolución bolivariana dirixida por Hugo Chávez, nas masivas e eficientísimas campañas alfabetizadoras que acaban de converter a Venezuela en “territorio libre de analfabetismo”.

Así pois, na escola de Meilide, en Cerdedo, actividade, rebulicio, tensión...Lectura en voz alta, case sempre; e mesmo, ás veces, lectura a puro berro. Lectura rítmica e acompañada, de dous en dous. Exercicio permanente de declamación e memorización. Mirando o libro e sen mirar o libro. Lendo e cantando como beben e cantan as galiñas. Mistura de traballo físico e intelectual, de xogo e traballo.

Iso é o que di Jorge Plejanov nas súas inesquecibles *Cartas sin dirección*, nesa fronteira tan difusa que a veces se da entre o traballo e o xogo, non só dende un punto de vista ontoxenético, no desenvolvemento da vida mesma do individuo, senón tamén filoxenéticamente, a partires da evolución da nosa especie; ou o que é o mesmo, historicamente, tal e como nacéu e tal e como se foi facendo, nos albores da humanidade. Hai que afinar moito para saber en que momento falamos do home que traballa, do home que sae en busca dos seus alimentos e que trata de satisfacer as súas necesidades ou do *homo ludens* como tal. Aínda hoxe, é moi difícil determinar moitas veces, sobre todo en certos contextos, cando se xoga ou cando se traballa, onde remata o traballo e onde comeza o xogo.

Todo iso, en fin, que despois será a ficción e tamén a recreación e a acción das artes. Traballo, xogo, arte. Sobre a aparición histórica destas actividades humás esenciais e sobre o seu porqué diserta Plejanov, o famoso marxista, tan citado e respetado como teórico por parte de Vladimir Ilich Lenin, na súa famosa obra *El arte y la vida social*. E todo iso lévanos tamén as expresivas cartas entrecruzadas entre León Felipe e Ernesto Che Guevara a propósito do que son o do que deberan ser as relacións entre xogo e traballo. Cando o traballo seña doce coma un xogo. Cando o xogo seña a mellor aprendizaxe social...

Naquela escola, na escola daquel tempo noso, aprendiamos, si, e ben que aprendiamos... Pero, ¡que dura é a nosa conciencia! Recordando aqueles días, véñenme á memoria as miñas conversas madrileñas co meu amigo Antonio Colodrón, o gran psiquiatra materialista e pavloviano, autor de libros tan interesantes e innovadores como *La acción humana*. Colodrón poñía sempre como o mellor exemplo desa dureza metálica da nosa mente, a forte resistencia que a nosa conciencia foi capaz de ofrecer en todo momento á represión franquista e a todo tipo de torturas.

¿E como se facía o que poderíamos chamar a “división do traballo” na escola? Volvía a saír Comenio ao escenario. Comenio e os horarios propostos por Comenio aparecían de novo, unha vez máis, no traballo escolar de cada día, nese “educatorio común da mocidade” que ven sendo a escola. Máis de douscentos anos despois da súa existencia, o horario matutino na pequena escola de Meilide, era a mellor homenaxe ao pedagogo checo: os luns, gramática; os martes, aritmética; os mércores, historia natural; os xoves, xeografía; os venres, xeometría; e os sábados (tiñamos libres os xoves pola tarde), historia sagrada.

E despois de “dar” a lección, ¡a tabla! A tabla de multiplicar. Cantabamos a tabla –seguíamos a cantar, como se ve; o canto é sempre fundamental na aprendizaxe infantil. E cantabamos tódolos números. Pero sentiamos predilección polos máis fáciles. Sobre todo, polo 2 e polo 5. ¡Que ben nos saía! ¡Que rítmicos eran o 2 e o 5! ¡Que fáciles! En ocasións, os cánticos iban acompañados de percusión (petando nas mesas ou no chan). ¡Cantas evocacións literarias se teñen feito co cantareo infantil das escolas!...

¡E o mapa!... “Saír” ao mapa en grupo e “cantar” (¡outra vez cantar!), agora en voz baixa, a xeografía física da Península Ibérica: os límites, os montes, os ríos, as provincias... Con unha vara que era coma un bimbio (ás veces faciamos furados no mapa, todo hai que dicilo) e en grupos pequenos: “España limita al Norte con el mar Cantábrico y los montes Pirineos que la separan de Francia...”. Efectivamente, en poucos momentos da historia estivemos tan separados de Francia coma neses anos de posguerra. Cantabamos tal cousa con moita forza e a demasiada velocidade. Miña nai pedíanos ir máis a modo.

Os montes...Os montes e os seus picachos: o Aneto, o Mulhacén, o Teide. Pero non facía falta ir tan lonxe. Alí mesmo, na Galgareta ou no Castro, en pleno corazón da Terra de Montes xustamente, podía verse a neve no inverno, sentir o canto dos carros subindo o vello camiño da montaña e mollando o eixo na ferverza de Covaladróns, escoitar pola noite o oubear dos lobos alí mesmo. ¡Aquilo si que era emocionante!

Os ríos. O millor, o Miño, o noso, o pai Miño, que nacía daquela na Fonmiñá, pero hoxe –os nosos xeógrafos xa o determinaron hai tempo, tal e como nos conta Estro Montaña no seu fermosísimo libro *Polos vieiros do vello Miño*- arranca xa do Pedregal de Irimia, no alto da Serra de Meira. ¿Non haberá aquí, ademais da opinión dos xeógrafos, un pique entre alcaldes? Iso me contaba o outro día Fernando Villapol, escultor de orixe asturiana, pero afincado dende hai anos no corazón mesmo da Galicia de Maeloc, na Bretoña evocada recentemente pola gaita de Carlos Núñez nas súas *Voces de Fisterra*. E digo todo isto porque a auga clara e silandeira que abrolla na Fonmiñá é tan plena e cristaña, tan rotunda, tan fonda, que alí deben estar sen dúbida os máis ricos mananciais que fan do Miño o rei dos nosos ríos.

E, naquil cantareo imparabile, ¡as provincias!: “Extremadura dos, Cáceres y Badajoz”. ¡Badajoz! A cidade dunha das grandes masacres do exército fascista de Franco na guerra civil. A cidade do “ceo tan alto” de Castelao no desterro... Galicia, catro: “Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra”, dicíamos nós naquela escola tan férreamente española. Anos despois, cos meus amigos de “Brais Pinto” en Madrid, cantabamos aquilo de “Viva Coruña, viva Lugo, viva Ourense e Pontevedra, viva a nosa nai Galicia, viva sempre a nosa terra”. Patiño metíalle moita marcha á canción e dáballe unha énfase inconfundible.

Pero para énfase a daquela outra que dicía: “Ay, Armórica, Cornubria e Cambriá, Escocia, Eirín, Galicia e mais a Illa de Man; son as sete nacións celtas, fillas do pai Breogán; para ti, miña terra, nos beizos un cantar, nos peitos a ledicia da nosa moxedá”. A Reimundo Patiño gustáballo introducir unha variante: despois de Galicia, engadía Valonia e falaba entón das “oito nacións celtas”. (Hai poucos meses, nunha homenaxe a Ramón Valenzuela, nas súas terras do Deza, cantou esta canción con moito garbo, como unha canción dos seus tempos, Avelino Pousa Antelo). Hoxe, Ferrín e moitos máis estariamos dispostos a liquidar as lindes provinciais e a construír a patria das bisbarras.

A verdade é que aquela escola era todo un espectáculo... Era, a un tempo, teatro e aprendizaxe. Aprendizaxe coral, colectiva, solidaria. Non había sitio material para a individualización nin moito menos para a aprendizaxe solitaria. Porque eramos moitos e estábamos moi apretados alí. E a soedade non era posible. Corpo con corpo, mente con mente. Mirar e mirarse nos outros. Sentir e palpar ás veces o mimo e o coidado das casas da aldea nas roupas e nos peiteados dos seus pequechos e as súas pequechas. Pero sentir e palpar moitas máis a miseria e as necesidades máis elementais dos meus amiguiños e as miñas amiguiñas. Alá ficaron, colgados no tempo inmemorial, a miña queridaíma Maruxiña, as miñas admiradas Carmiña, María, Élida, Juliña. Alá quedou Pepiño. E alá quedaron Xerardo, Luis, José, Monsito e tantos e tantos outros.

Porque aquela escola no era só unha escola do rural. Era o rural ¡no tempo terrible da represión e da posguerra! Terror sobre miseria. Miseria sobre humillación. Tempos aqueles de tanta zozobra que eu aínda tremo recordando as caras de pavor das xentes en moitas circunstancias vividas.

Lembro un día no autobús (¡aqueles autobuses con gasóxeno e lentísima marcha!) que nos levaba de Pontevedra a Cerdedo, parando nun descampado fronte aos fusís da guardia civil, en busca de guerrilleiros. No medio da néboa. Case de noite. Lembro hoxe aquela escena como se fora unha imaxe de guerra das moitísimas películas bélicas que vería anos despois.

As tardes

Así eran as sesións da mañá. Cos cánticos continuos das leccións de gramática, xeografía, historia natural ou aritmética. Aprendizaxe en voz moi alta. E con paradas de cando en vez, para saír ao encerado de un en un, mentres os demais permanecían expectantes, tensos e en zozobra, por si lles tocaba. Mañáns de chuvia e frío moitas veces. Sen calefacción, claro. Había un braseiro no medio, onde se quentaban os que viñan de lonxe, ateridos ou mollados, con pouca roupa moitas veces ou cos calcetíns rotos e os zocos vellos e enlameados. Os que viñan de Abelaíndo (¡que nome!). Ou os que viñan de perto de Cavenca ou da Revolta. ¿Onde andarán aqueles amiguiños e aquelas amiguiñas da miña alma?

Pola tarde –todo máis repousado-, lectura en círculo (O *Quixote*, xeralmente), catecismo (memorización dos máis abstrusos e profundos misterios, distorsión ao máximo entre o concepto e a palabra, antoloxía do disparate en voz alta), debuxo libre ou dirixido (¡que pracer e que remanso!) e himnos patrióticos políticos ou relixiosos (eu aínda recordo a letra dunha das variantes da “Marcha Real”. Coido que é de Marquina, un mal autor de teatro e peor poeta: “Triunfa España, alzad los brazos hijos del pueblo español, que vuelve a resurgir, gloria a la patria que supo seguir sobre el azul del mar y el caminar del sol”... E algo máis polo estilo).

Miña nai, a mestra, non tiña máis remedio que ser respetuosa coa situación. As inspeccións eran frecuentes e temibles. Ela xa tiña sufrido en carne propia a represión: estivo catro anos sancionada e suspendida de emprego e soldo e con sanción gubernativa. Meu pai, na cadea dende 1938 –sairía en 1942–, tiña sido apartado do Maxisterio con carácter case definitivo, acusado de socialista, masón, sindicalista e ata de ¡rebelión armada! Pero foi repostado pouco antes da súa xubilación: ¡en 1973! Eu sempre sentín arredor de min e moi preto a esgazadura da experiencia republicana e a crueldade da guerra civil. E os meus pais viviron plenamente e con todas as súas consecuencias esa experiencia.

Teño moi presente a imaxe do meu pai no vello cárcere de Pontevedra, en Campolongo. Iba a velo coa miña nai de vez en cando...Pero iso foi antes de ir para Meilide e antes de que repuxeran á miña nai no seu posto. Debéu ser no 40 ou no 41. Estivemos unha temporada vivindo en Pontevedra, nun chalé de Campolongo, perto do meu pai, para poder levarlle comida e para poder ir a velo ao cárcere os días de visita. E conservo moi viva na miña memoria a lembranza dun día que paséi alí, ¡dentro da cadea!, cousa que me permitiron seguramente porque era un neno.

Así pois, foi a miña primeira e precoz estancia na prisión. As veces que estiven despois, en plena represión franquista, foron por moi pouco tempo, só por días... Pero aquela vez eu fun a estrela da prisión. Regaláronme todo tipo de xoguetes e xoguei con tódolos presos. Comín o rancho e me parece que durmín unha sesta. Como despedida, regaláronme unha gatiña que me acompañaría sempre, en todas partes, ata que fun un mozo.

¡As tardes mornas e lentas da escola de Meilide! ¡Aquelas lecturas en círculo das andanzas de D. Quijote e Sancho Panza! ¡Que aventura ler entre todas aquelas aventuras! Había os típicos tropezoños, os erros. Quen se trabucaba, quen lía con gracia. Perdéndonos ás veces, pero estando sempre atentos para saber cando lle tocaba a cada un...E Doña Concha, alterando a orde de lectura para cacharnos nas patacas.

O catecismo inefable. O catecismo do P. Astete. O “Pastete” como dicía alguén. “Por la señal de la santa cruz”...Dicía eu: ¿pero que quererá dicir “porla”?... Como si fora unha palabra sola...¡Que abstraccións! ¡Que cousas tan abstrusas!...”En las entrañas de la Virgen María...”. O misterio da Encarnación. Ou o misterio da Santísima Trinidad. Dios pode ser un e trino, pero a Patria, non, como di El Roto. Poucos anos máis tarde, estudian-do relixión en todos e cada un dos sete anos daquel “Bachillerato –Plan de 1938 en Burgos–”, atoparíame máis dunha vez con ese misterio do un e trino sobre o que ¿ironizaba? Agustín de Hipona, a propósito das posibilidades que podía ter un cativo de achicar a auga do mar...

En fin, tardes de inverno na escola, coa neve fóra. Pero tardes de abril e maio, dando clase no campo, á sombra dunha vella e inmensa cerdeira. Aquela árbore era unha metáfora da árbore da que falaba Manuel Bartolomé Cossío citando a Rousseau: “el mejor lugar para una escuela es la sombra de un árbol”...

Lavando aquelas maravillosas pizarras de man na fonte ou afiando o pizarrín nunha pedra de seixo. Momentos únicos en que si era posible evadirse do entorno e a sempre presente “presión” ambiental (en Galicia os nenos empezan a ser explotados nada máis botar a andar, conta en *¡Basta!*, nas súas memorias, Enrique Lister) e soñar na soedade do campo, á sombra dunha cerdeira, en primavera. Ten razón Cossío ao citar a Rousseau: o mellor lugar para unha escola é a sombra dunha árbore. Porque alí está o aire, alí está a auga e alí está toda a luz...

¿Cantas escolas?

¿Cantas escolas coma esta había en Galicia por aqueles anos? ¿Cantos nenos e cantas nenas circulaban polos seus vellos camiños e polas súas corredeiras da montaña, do val ou da costa, mal vestidos, mal alimentados e mal coidados para chegar a elas? Eran así sen dúbida –ou moi parecidas– a maioría das escolas do noso país. ¿E cántas escolas máis houberan sido precisas? Posiblemente, case tantas coma as que había.. Pero, en todo caso, mellores, moito mellores. Porque, aparte a nosa propensión natural como pedagogos a idealizar a infancia –e a pesares do que poida dicir Antonio Gala de que “a infancia é un paraíso perdido que nunca existiu”–, sabemos hoxe –e sabémolo ben– que o proceso de modernización escolar emprendido pola República quedou brutalmente interrompido polo fascismo durante moitos anos, practicamente ata 1970, coa innovadora Ley tardofranquista de Villar Palasí.

Se falamos en termos das “tres modernizacións” –parafraseando un pouco o eslogan tan coñecido da etapa política de Deng Siao Ping en China, nos primeiros 70–, isto é, da modernización económica, da política e da pedagóxica, as tres se inician coa IIª República. Pero, ao mesmo tempo, quedan incompletas e aprazadas por falta material de tempo para poder cumprilas.

Tres modernizacións que haberá que rebautizar despois como “rupturas”. Así, a “ruptura política” da España moderna co Antigo Réxime tivo lugar dun xeito irreversible o 14 de abril de 1931. Ese día caeron os últimos restos do feudalismo. Ese día caeu o Antigo Réxime. A partires dese intre, xa non habería marcha atrás. Os pobos de España negáronse a seguir sendo servos e proclamaron a súa insumisión permanente, a pesar de todo o terror franquista. Nin Franco, con todo o seu poder, foi capaz de borrar da conciencia do pobo ese estado de ánimo colectivo triunfador e definitivo.

A “ruptura económica” non chegaría ata 1959, co Plan de Estabilización e a incorporación de España ao tren do capitalismo europeo. Todo empezou coa emigración masiva a Europa dos anos 60. E a “ruptura pedagóxica” tería lugar xustamente coa Ley Villar de 1970. É ese o momento en que se pode empezar a falar de escolarización total ou case total. Ou, o que é o mesmo, dun sistema educativo público case xeral. É verdade que continuou –e continúa– a batalla entre o ensino público e o ensino privado, pero cada vez hai máis conciencia de que a educación é un dereito; por tanto, unha obrigación do Estado. Como a sanidade. E éstos deben ser dos tesouros sociais intocables.

Non esquezamos que o dereito á saúde, o dereito á educación e o dereito ao traballo son os piares fundamentais sobre os que se alza o edificio enteiro dos dereitos humanos. Sin eles, non se pode falar propiamente de dereitos humanos respectados. E ¿que países do mundo coidan vostedes que teñen hoxe unha maior consideración coa saúde –condición primeira para a vida-, coa educación –que é a que nos convirte en persoas- e co traballo –que é o que nos fai humanos-?. Respóndanse vostedes mesmos.

Por tanto, o “desarrollismo” dos 60 e as construcións escolares que chegaron despois, fixérono xa coa nosa cultura tradicional en pleno proceso de desmantelamento e con un rápido desenvolvemento urbano, pero desestructurado e salvaxe. Máis que desenvolvemento urbano sería mellor dicir “urbanícola”, se reparamos minimamente no que poderíamos chamar a trama da especulación inmobiliaria; un exemplo fóra de toda ética e un roubo sen paliativos do sistema capitalista no que vivimos a toda a sociedade.

Así, as novas vilas –e as vellas cidades- foron medrando e foron refacéndose da maneira máis anárquica e incontrolada. Non había nin o menor indicio de ordenación do territorio, nin o menor sinal de planificación racional. ¿Cambiará as cousas a preocupación do actual goberno galego polo problema vital e impostergable do solo? A ver se por fin rompemos coa tan citada e desgraciada idea de que quen ten unha leira, ten un solar. Dise xeito comezará a poder arranxarse un pouco o mapa escolar de Galicia...

O caso é que aquela pequena escola de Meilide, en Cerdedo (hoxe xa con estrada e luz eléctrica, ¡pero case sen veciños! –emigraron case todos-) é xa parte da historia da nosa educación rural en extinción, arqueoloxía escolar, lembranza duns métodos nados para facer da necesidade virtude. Un pequeno lugar no tempo, no que se tentou arrebatarse a un puñado de cidadáns galegos das gadoupas do analfabetismo, para poder así loitar mellor, xa que non contra a emigración, si polo menos contra a pobreza e contra a inxustiza. E tamén por un pouco máis de cultura e un pouco máis de liberdade. En definitiva, por un pouco máis de conciencia. Esa é, a lo menos, a miña percepción daquela experiencia vivida tan intensamente (¿idealizada ou negra?) moitos anos despois.

Os vellos camiños

Rememorar, digo, aquela escola, supón para min volver a pisar con emoción os vellos camiños, as angostas corredeiras; as marcas fondas e máxicas das rodeiras dos carros do país nos bordes das vereas reais, os camiños, en fin, da vida nesta terra nosa que hoxe tratan de tapar, cortar ou rachar outros camiños que se entrecruzan: os camiños da velocidade -¡ese axente depredador!- e dun certo desorde, os camiños-estrada, os camiños-autovía, os camiños-autopista, non sempre trazados dacordo co que debería ser o progreso social do noso pobo. Pero, ¿cómo introducir de novo a racionalidade no corazón da crise?

Quizáis teñamos que recuperar materialmente un día aqueles vellos camiños do auténtico. Quizáis teñamos que recuperar aquelas alamedas que nos situaban de inmediato en armonía plena coa natureza. Eu recordareinas sempre así: como alamedas da miña vida infantil, como as avenidas dos meus soños, como sendas do paraíso...Debe de ser certo. Aquela pequena unitaria estaba situada no centro mesmo dunha encrucillada da que, probablemente, xa non sairéi nunca máis...

Compostela, xuño, 2006.